



## **Manifesto da Plataforma cidadá Nunca Máis na súa mobilización en Bruxelas o 14 de xuño**

### **O MANIFESTO DA PRAZA DO PEIXE**

#### **(toque de buguinas)**

¡Saúde e océano!

Benvidos homes e mulleres de todas as ribeiras.

Gracias por atender á chamada das xentes de Galiza. Gracias por construír xuntos o océano da dignidade e da diversidade. Gracias por encher esta praza do Peixe co berro de: ¡Nunca Máis!.

Estamos aquí para reclamar solucións urxentes á hecatombe do Prestige. E, desde esta protesta concreta, esixir un cambio universal nun sistema onde o petróleo importa máis que os povos e as propias persoas.

Galiza é a costa do mundo máis golpeada polas mareas negras. Pero ningunha administración quixo aprender nada desa terrible experiencia. E chegou o Prestige, un só barco quen de ferir o océano dende Portugal a Francia. A escenificación verdadeira da morte do mar.

Seis meses despois do comezo da traxédia reclamamos, na capital de Europa, o que até o momento non nós ten dado administración española: A detención inmediata dos verquidos de fuel do péo do barco. A limpeza real das costas e dos fondos mariños. E a creación dunha comisión de investigación que mostre os verdadeiros responsábeis da catástrofe.

E pedimos máis. Seis meses despois do afundimento do Prestige non se ten tomado nengunha medida real de prevención. A ameaza das mareas negras segue a latexar nas costas do continente, desde Bretaña á cidade italiana de Ancona no Adriático.

Por iso esiximos ás institucións europeas: A instalación dunha oficina de seguridade marítima na costa galega. A prohibición inmediata -non só do ataque- senón da navegación de petroleiros monocascos. E a declaración de Galiza, Bretaña e dos lugares que así o soliciten como zonas sensíbeis á contaminación .

Sabemos que, diante do poder omnímodo do petróleo, só existe un antídoto: as persoas. A unión dos habitantes de todas as ribeiras que até agora sufrimos, sós, a desgracia.

Coa forza desta alianza atrevémonos a reclamar aínda moito máis: un novo sistema onde primeiro alicerce sexa, non o diñeiro, senón a dignidade da natureza.

Desde a Fisterra esta marea de vida ha mollar Europa enteira.

Non é tarefa pequena. Mais a xustiza das nosas reivindicacións é tan grande como o propio océano.

Berrade comigo:

Vida para o Atlántico.... ¡ Vida !

Vida para o mar Mediterráneo.... ¡Vida!

Vida para o mar Báltico....¡Vida!

Vida para o mar Negro.... ¡Vida!

Vida para o mar do Norte....¡Vida!

Vida par o mar de Galiza...¡Vida!

Vida todos os mares do mundo....¡Vida!

Esta é alianza do mar e aquí estamos nós, xentes da ribeira, para inventar o futuro: ¡Nunca Máis!

**(toque de buguinas)**